



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Resolución definitiva dos centros públicos seleccionados para participar nas actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, “English Week”, no curso 2017/2018 correspondentes ao 6º curso de Educación Primaria e de primeiro, segundo, terceiro e cuarto cursos de Educación Secundaria Obrigatoria.

Con data 26 de setembro de 2017 procedeuse á exposición pública, no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da resolución provisional dos centros públicos seleccionados, suplentes e excluídos de sexto curso de Educación Primaria e de primeiro, segundo, terceiro e cuarto cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, xunto coas quendas correspondentes, abríndose un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias de acordo cos termos do artigo 10.4 da Orde de 19 de xullo de 2017.

Unha vez transcorrido o prazo establecido para as reclamacións e renuncias e segundo os termos establecidos no artigo 10.4 da Orde de 19 de xullo de 2017 (DOG do 2 de agosto) pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar en actividades de inmersión en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, faise pública a resolución definitiva dos centros públicos seleccionados de 6º curso de Educación Primaria e de primeiro, segundo, terceiro e cuarto cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, coas quendas correspondentes, de acordo co anexo que se xunta.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

O Presidente da comisión de selección,



Asdo.: Manuel Vila López

Subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado